

VOCES PARA DEFENDER O PLANETA

OBXECTIVOS


- Coñecer as opinións, temores e ideas que outros nenos e nenas teñen sobre o cambio climático.
- Ser capaces de expresar as nosas propias ideas e proxectos sobre o desenvolvemento sostible e difundilas.
- Comprometernos no logro de cambios na nosa contorna que nos permita desfrutar dun medio ambiente máis san, aprender a desenvolver proxectos e participar na solución dos problemas da nosa comunidade.

MATERIAIS NECESARIOS

- Vídeos:
www.unicef.es/gal/educa/biblioteca/videos-dereitos-infancia-cambio-climatico
- Caderno de misión personalizado para a aula: descargable en
www.unicef.es/educa/1001proyectos

MATERIAL DE APOIO

- Guía de actividades e recursos de educación en dereitos e cidadanía global sobre educación, dereitos de infancia e cambio climático, dispoñible en unicef.es/gal/educa



Coñecer os problemas relacionados co cambio climático, ser capaces de formarnos unha opinión crítica e informada e ter a liberdade e o respaldo para expresala son primeiros pasos chave para comprometernos con accións que contribúan á protección do medio ambiente. Esta actividade propón unha toma de postura respecto dos problemas ambientais da nosa contorna que nos levará a idear un proxecto conxunto para a aula ou grupo.

Preparación da actividade

Para a preparación da actividade suxerimos as seguintes actividades:

■ A nosas opinións contan

Proxectamos na aula los vídeos "Voces desde a liña de fronte do clima" e "Climatízate". En eles vemos coma nenos e nenas de diferentes idades expresan as súas preocupacións sobre o cambio climático, así coma as súas ideas e propostas para combatalo. Podemos comentar os vídeos na aula, sen analizar se as ideas propostas nos parecen boas ou malas, senon valorando o feito de que todos os nenos, nenas e adolescentes temos dereito a información e educación sobre as cuestións que nos afectan, así como a expresar a nosa opinión sobre elas.

■ Un exemplo de acción

Descubrimos a historia das irmáns Wijisen, que desenvolveron un proxecto para frear o deterioro medioambiental da súa contorna.

Melati e Isabel Wijisen teñen como misión liberar a illa onde viven, Bali (Indonesia), da invasión de bolsas de plástico que contamina os seus mares. As bolsas de plástico son practicamente indestructibles e poden durar séculos. A pesar diso, son usadas e tiradas sen reflexionar. A maioría acaban contaminando o océano, onde provocan danos á vida mariña; o resto son incineradas en vertedoiros, onde emiten dioxinas tóxicas á atmosfera.

Cando tiñan 10 e 12 anos, Melati e Isabel lograron o apoio dos seus compañeiros de clase para realizar peticións, limpeza de praias e mesmo unha




folga, ata que lograron convencer ao gobernador de Bali para que se comprometese a declarar a illa libre de bolsas de plástico para 2018. Desenvolveron un adhesivo para que as tendas locais informasen de que non distribuían bolsas de plástico. "Non deixes nunca que ninguén che diga que es demasiado novo ou que non entendes as cousas", di Isabel. "Non che dicimos que sexa fácil. O que che dicimos é que vai merecer a pena".

Actualmente, as irmás traballan nun folleto educativo, dirixido a estudantes de primaria, con información sobre como facer as súas propias bolsas con material biodegradable, a xestión eficaz de residuos e a contaminación. "O cambio non sucede sen educación", di Melati.

Desenvolvemento da actividade

Idearemos, planificaremos e executaremos un proxecto medioambiental que podamos desenvolver na nosa contorna e que nos permita exercer os nosos dereitos á participación e a un medioambiente saudable. Elixiremos entre todos os obxectivos comúns e marcarémonos metas e responsabilidades individuais.

O noso caderno de misión



Tras descubrir exemplos inspiradores, podemos idear e poñer en marcha a nosa propia misión. Dispondemos do primeiro trimestre para organizarnos en grupos de traballo, establecer unha metodoloxía e obxectivos para, idealmente, presentar o noso proxecto o **20 de novembro, Día Universal da Infancia**, aínda que se poidan seguir os prazos que mellor se adapten á axenda escolar.

O caderno de misión personalizado para o grupo ou aula pode descargarse en www.unicef.es/gal/educa/1001proxectos

Non esquezas compartir a túa experiencia no noso blog www.unicef.es/gal/educa/blog ou en redes sociais co hashtag #1001ProyectosXoPlaneta, para que toda a comunidade educativa coñeza as vosas propostas e poidan inspirarse para lograr un cambio global. **Entre todos podemos conseguilo!**

#1001proyectosXelPlaneta